

Francisco Oti Ríos “Paco Oti”

Cabanas, A Coruña en 1954.

Titulado Superior en Dirección de Escena e Dramaturxia (especialidade en Dramaturxia) pola ESAD de Galicia, Delineante.

Comeza a actividade teatral no ano 1974 participando na fundación do Grupo de Teatro Círculo de Perlío que mantén unha actividade de producción de teatro galego constante durante catro anos consecutivos baixo a dirección de Celestino Ledo Lopéz. Neste grupo realiza deseños de escenografía e interpretación como actor e mimo.

Tras desta experiencia, continúa a súa formación teatral facendo cursos de iniciación teatral con Manuel Lourenzo (1982 e 1983), Alfredo Mantovani (1982 e 1983), Elbio Sciarretta (1982), Juan Mandli (1984), Antonio Simón (ortofonía e voz, 1986), Mimo Alexis (mimo, 1987), Jesús Cimarro (producción teatral, 1988).

Tamén imparte cursos de plástica parateatral no Ateneo Ferrolá e na Mostra de Teatro Infantil Galego “Xeración Nós; de iniciación ao teatro na A VV Nós da Capela, onde colabora na creación do Grupo Kalda2 no que dirixe *A tíia Lambida* de Eduardo Blanco Amor e *O segredo da illa Troneira* de Manuel Lourenzo e Vila desfeita de Manuel Riveiro Loureiro; en colaboración co IGAEM imparte un curso de Producción teatral para galegos residentes no estranxeiro e dá varias conferencias do mesmo tema tanto na Escola de Imaxe e Son da Coruña coma na Escola Municipal de Teatro da Estrada.

A Xestión, programación, coordinación e dirección de eventos teatrais

Ademais da actividade creativa, síntese seducido pola xestión e a programación, cuestión que desenvolve tanto desde a perspectiva privada coma pública.

Desde a perspectiva privada dirixe a Mostra de Teatro Infantil Galego “Xeración Nós” promovida pola Mancomunidade de Concellos da Ría de Ferrol (1985, 1986 e 1987), na que se convoca un dos poucos premios de teatro infantil.

Asociado ao Ateneo Ferrolán e membro da Xunta Directiva promove con Gonzalo Rodríguez a creación da Vogalía de Teatro desde a que poñen en marcha o Centro de Documentación Teatral con grande actividade de programación e recollida de datos e eventos teatrais; organizan cursos de formación e potencian a lectura desde a biblioteca do Ateneo, ata chegar a organizar Primeiro Encontro do Teatro Profesional Galego celebrado nos locais do propio Ateneo en 1988.

Desde a perspectiva pública no ano 1986 faise cargo da Area de Teatro na Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, tras ser ratificado pola profesión reunidos en asemblea nun local de Santiago. Desde este posto procura manter e ampliar o deseño do Mapa de Mostras de Galicia definido na etapa de Luís Álvarez Pousa que se compuña de Mostra de Teatro Galego Portugués de Cariño,

Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Mostra de Teatro Infantil Galego Xeración Nós, Mostra de Teatro de Rúa de Marín e Mostra de Teatro Galego de Ribadavia e os Encontros dos Titiriteiros Galegos, así como o desenvolvemento e ampliación dos Circuitos Teatrais, proxecto de exhibición iniciado por Anxo Quintanilla, que se vai ampliando pasan de cinco a nove concellos con aumento orzamentario e na cantidade das funcións; nos que se inclúan ademais dos grupos profesionais galegos algúns grupos doutras comunidades coas que se inician acordos de intercambio; tamén se inclúe algún grupo afeccionado estable e con niveis de calidade contrastados ao longo do tempo, como Sarabela teatro, ou Teatro de Cámara Ditea. No plano de mostras intenta seducir aos concellos dos grandes núcleos para que collan un compromiso co teatro galego acorde coas súas posibilidades orzamentarias e de equipamento e así se chegan a realizar en Vigo e A Coruña as xornadas “Un país, un teatro”, e co apoio da Delegación de Cultura de Lugo promove e dirixe a Mostra de Teatro do Norte na mariña lucense que se celebrou simultaneamente en todos os concellos da mariña con programación de espectáculos e actividades paralelas como exposicións e cursos. Que non prosperou por diverxencias políticas entre os concellos, proxecta e dirixe a Feira do Teatro nas tres primeiras edicións, cuestión que deixa no intre de entrar no CDG.

Convidado por Manuel Guedes, en 1992 faise cargo da Xefatura de Produción do Centro Dramático Galego o que supón outra inflexión importante na súa experiencia e traxectoria teatral, o que lle permite realizar a producción e distribución en máis de medio cento de espectáculos e con varias compañías.

Listaxe de grupos e compañías e actividades:

- Teatro Circulo de Perlío: Membro fundador, actor, mimo e escenógrafo
- Teatro Kalza2 (da A VV Nós da Capela): Monitor de teatro durante dous anos e director de tres espectáculos.
- Teatro Cachirulo: Versión galega dunha obra
- Compañía Ernesto Chao: Escenógrafo.
- Teatro Caritel: Actor de cinema para un espectáculo.
- Teatro do Noroeste (Galicia), colaboración en publicación.
- Teatro do Noroeste, Centro Dramático de Viana do Castelo: Escenógrafo, producción e distribución de obras en coproducción co CDG.
- Compañía de Teatro de Braga: Producción e distribución de obras en coproducción co CDG.
- Xove Orquestra de Galicia: Actor, producción e distribución de obras en coproducción co CDG.
- Centro Dramático Galego: Xefe de Produción, escenógrafo, figurinista, producción e distribución de obras.
- Centro Dramático Nacional: Coproducción e distribución de obras.
- Centro Dramático de Aragón: Coproducción e distribución de obras.
- Teatro Español de Madrid: Coproducción e distribución de obras.

- Grupo de Teatro Municipal da Estrada “Os Tirinautas”: Escenógrafo e deseño de iluminación.
- Producións Acontrabutaca: Escenógrafo, figurinista e deseños de iluminación.

Listaxe de publicacións.

Alicerces teatrais en Galiza; unha achega de fontes, fundamentos e feitos (1952-1975) (2022): ed. Invasoras 3.

Deseñando horizontes. Situación actual, orixe e planificación do futuro do teatro galego (2022): co editor, ed. CCG-AGT.

La valla (2022): texto de Carlos Labraña (ilustracións) ed. Invasoras, colección Estame nº 5, Vigo.

Archivos de realidad (Traducción) / Arquivos de Realidade (2021): con Julio Fernández Peláez, ed. Invasoras, Teatro 102.

Maxia (2020): Texto de Julio Fernández Peláez (Ilustracións). ed. Invasoras, colección Estame nº 4, Vigo.

«A Mostra de Teatro Infantil Galego “Xeración Nós”» (2020): en Ferrol Análisis. Revista de pensamiento y cultura, nº 32, pp. 225-233.

Unha cuestión familiar (2020): en DramaturGA 20. 11 textos breves ed. Dramaturga-Invasoras, pp. 105-118.

«Presentación» en DramaturGA 20. 11 textos breves (2020): ed. Dramaturga-Invasoras, pp. 7-8.

«De congresos, encontros e outras primeiras historias» (2020): en Erregueté, Revista Galega de Teatro nº 100, pp. 59-62.

O Novo Teatro Galego en Perlío: O Teatro Círculo e Tagallo (2018): Arquivos de T, ed. Invasoras. Edita T.

«Dramaturxia de Ferrol. O Grupo Autónomo de Lectura de Obras (GALO)» (2018): en Madrygal, Revista de Estudios Gallegos 21, pp. 173-188.

Arquivos de Realidade (2018): (en colaboración con Julio Fernández Peláez), mención do xurado do X premio Abrente da MIT de Ribadavia, en: Erregueté 94.

Lingua de lata (2014 [2018]): [2ª edición con ilustracións do autor]. En: Edicións invasoras. Edita T. Colección Estame.

Teatro do Noroeste. Historia cíclica dunha compañía (2017): ed. Teatro do Noroeste.

Una cuestión familiar (2017): premio no XVII Certamen de Teatro Mínimo Rafael Guerrero convocado por “Taetro”, Chiclana de la Frontera, Cadiz. En: XVII Teatro Mínimo, Ed. Q-book, pp. 87-99.

«Teatro, carteis e cómic na Galicia dos anos setenta» (2016): en Madrygal, revista de Estudios Gallegos 19, pp. 161-180.

Segundo Ricardo Terceiro (2013): en: revista Núa 8, pp. 37-48.

O Teatro en Ferrol en 1986 (2012) (Traballo de Fin de Estudos. Inédito).

Xestión de proxectos e producción de espectáculos (2006): Ed. Galaxia-Igaem.

Técnicas de Teatro (co-autor) (1997): ed. Laioveneto, coord. Manuel F. Vieites.

Teatro, o xogo de sempre (dir. e co-autor) (1987): Xunta de Galicia.

Listaxe de actividades artísticas

Espectáculo	Compañía	Dirección	Actividade
O circo de tiza...	T. circulo de Perlío	Celestino Ledo	Actor
Un lóstrego na noite	T. circulo de Perlío	Celestino Ledo	Actor
A mosca	T. circulo de Perlío	Celestino Ledo	Mimo
O retrato	T. circulo de Perlío	Celestino Ledo	Mimo
O paxaro	T. circulo de Perlío	Celestino Ledo	Mimo
O robot	T. circulo de Perlío	Celestino Ledo	Mimo
Viladesfeita	Kalza-2 (A Capela)	Francisco Oti	Dirección de escena
A tíña lambida	Kalza-2(A Capela)	Francisco Oti	Dirección de escena
O segredo da illa..	Kalza-2(A Capela)	Francisco Oti	Dirección de escena
Concerto de entroido	Xove Orq. de Galicia	Joam Trillo	Actor
Don Xoan Tenorio	Cadea SER	Gonzalo Rodríguez	Teatro radiofónico
O Mariscal	CDG	“Kukas”	Voz de vilarelle
Tagen ata	Caritel	E. Alonso	Actor (Cine)
Publicidad Expres		Pepe Coira	Actor (Video)
O coronel ten a quien escribir	Ernesto Chao	Eduardo Alonso	Escenógrafo
Historia do soldado	CDG	Manuel Guede	Escenógrafo
Historia do soldado	CDG	Manuel Guede	Deseño de vestiario
O Cooperador	Teatro do Noroeste	Manuel Guede	Escenógrafo
O Cooperador	CDG	Manuel Guede	Escenógrafo
Marcado polo tipex	Cachirulo	Xurxo Rei	Versión galega
A Noiva da medianoite		Antonio F. Simón	Actor (Cinema)
O bufón del Rei	CDG	Manuel Guede	Asistente de dirección
Ensalada demosquito	Os tirinautas	Xosé Lueiro	Escenógrafo

Ricardo III	CDG	Manuel Guede	Escenógrafo
Alerta Cibernética	Os tirinutas	Xosé Lueiro	Escenógrafo
Alerta Cibernética	Os tirinutas	Xosé Lueiro	D. Iluminación
O último chimpín	Os tirinutas	Xosé Lueiro	Escenógrafo
O último chimpín	Os tirinutas	Xosé Lueiro	D. Iluminación
Robin Hood	Acontrabutaca P.	Xosé Lueiro	Escenógrafo
Robin Hood	Acontrabutaca P.	Xosé Lueiro	Deseño de Iluminación
Robin Hood	Acontrabutaca P.	Xosé Lueiro	Vestuario

Listaxe doutras actividades teatrais

Director da II, III e IV Mostra de Teatro Infantil Galego “Xeración Nós”

Organizador dos “Xoves Teatrais” Ateneo Ferrolán, Ferrol.

Responsable da Área de Teatro da D.X.C. Xunta de Galicia.

Colaborador no Iº Encontro do teatro profesional, Ateneo Ferrolán, Ferrol.

Responsable de Organización nas Xornadas “Un País, Un Teatro”, Vigo e A Coruña.

Membro do Xurado do Premio “Álvaro Cunqueiro” (Varias edicións).

Membro do Xurado dos Premios “Compostela de Teatro” (varias edicións).

Membro do Xurado das Xornadas de Teatro Afeccionado (Campolameiro)

Membro do Xurado do Premio de Teatro Infantil (Ateneo Ferrolán)

Membro do xurado do FETEGA do Carballiño.

Coordinador xeral da Mostra de Teatro do Norte (Mariña Lucense).

Coordinador dos “Circuitos Teatrais”, D.X.C. Xunta de Galicia.

1º Director da Feira de Teatro, D.X.C. Xunta de Galicia.

Xefe de Produción do Centro Dramático Galego (1992-2005).

Premios

- (1993) "Tarasca" da Asociación de Directores de Escena (ADE).
- (2002) 1º premio de cómic en internet, do Consello da Cultura Galega e a revista bd Banda.
- (2003) Nomeado aos Premios María Casares pola escenografía do espectáculo *O colaborador* do CDG.
- (2016) Premio no XVII Certamen de Teatro Mínimo Rafael Guerrero, Chiclana de la Frontera, Cadiz.
- (2016) Mención no X premio Abrente de textos teatrais convocado pola MIT de Ribadavia.

Artista plástico, deseñador gráfico e debuxante de cómic

Exposiciones individuales e colectivas

1977

Cómic

1ª Exposición de Cómic de Ferrol, A. C. Roi Xordo (Ferrol, Galicia, España). con Xaquín Marín e Alberto Permuy.

Libros de Artista

San Andreses' Book, Galería Metronom (Barcelona, España). Con Alberto Permuy.

Salvemos Venecia, Galeria La Roggia, Venecia (Italia).

Libros de Artista, Instituto de Integración Cultural, Medellín (Colombia).

1983

Debuxos e Mail-Art

Expo-Eume 83, Torreón dos Andrade (Pontedeume, Galicia, España).

VII Bienal de Arte (Mail-Art), Deputación de Pontevedra (Pontevedra, Galicia, España).

1984

Pintura Cómic e Mail-Art

Arte-fene, Concello de Fene (Fene, Galicia, España).

Gruidart Fenicio, Pub Druída (Fene, Galicia, España).

Máscaras, Pub Druída, (Fene, Galicia) e A.C. Olmo (Pontedeume, Galicia, España).

"Chorradas", Ateneo Ferrolán (Ferrol, Galicia, España).

Mail-Art, Atlantis Köln (Alemaña).

Born to survive, Aerogramme Mail-Art Project, Museo Het Toreke, (Tienen, Bélgica).

1985

Cómic

Museo del Humor, colectiva para fondos do Museo (Fene, Galicia, España).

2002

Cómic

Unha retrospectiva, Teatro Principal (A Estrada, Galicia, España)

1º premio de cómic en internet

Convocado polo “Consello da Cultura Galega” e a revista bd Banda.
(Santiago de Compostela Galicia, España)

2003

Humor cru

Museo do Humor, (Fene, Galicia, España)

Cómic

Casa da Cultura, (O Barco de Valedoras, Galicia, España)

O,f (Oti, francisco)

Café Bar Marfil, (A Coruña, Galicia, España)

2004

Cómic e debuxos

Ateneo Ferrolán, (Ferrol, Galicia, España)

2007

Mail-Art 1º certame de arte postal de Chantada (Chantada, Lugo, España)

2008

Pintura e debuxos

“Pequeno Formato”, Ateneo Ferrolán, (Ferrol, Galicia, España)

Mail-Art 2º certame de arte postal de Chantada (Chantada, Lugo, España)

2016

Cómic, debuxos e pintura

“Cadriños Bio-gráficos”, Espazo Xove de Chantada, (Chantada, Lugo, España).

2018

Humor gráfico

“50 anos do cocido de Lalín”, Casino de Lalín, (Lalín, Pontevedra, España), con Xaquín Marín, Gogue, Xosé Lois González “O Carrabouxo”, Luis Davila, Carlos Silvar, Pepe Carreiro e Nacho Hortas.

2022

Pintura e debuxos

“Fondos do Ateneo Ferrolán”, Ateneo Ferrolán, (Ferrol, Galicia, España).

Colaboracions ou publicación de obra gráfica en:

El Patito Feo (Fancine)

El ecologista Cómix (Revista edición especial dedicada ao Cómic en España)

Teima (Revista galega)

As Roladas (Revista galega de pedagogía)

Guía turística de la Comarca Eumesa (Centro de Iniciativas e Turismo da Ría de Ares)

Ollaparo (Revista da Sociedade Cultural Chirlateira de Cedeira, nº 4)

Can Sen Dono (Revista galega de humor, varios números)

1º congreso do humor, Museo Carlos Maside (Sada, Galicia)

Encontros de humoristas gráficos de Galicia e Portugal (Salvaterra do Miño, Galicia)

Revista de Cómic bd Banda publicación do 1º premio convocado polo **CCG** (2002)

“**Xo! ao racismo**” de edicións A Nosa Terra con humoristas gráficos de todo o mundo. (2006)

As bagoas dos seres pequenos, poemario de Jorge Armesto (Ilustración) (2007)

Maxia poema de Julio Fernández Peláez (Ilustración) (2020)

La valla texto de Carlos Labraña (Ilustración) (2022)

Como Deseñador gráfico realiza traballos para:

Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Cultura

Ateneo Ferrolán

Centro Dramático Galego

El Correo Gallego

Federación de Cineclubs de Galicia

Mostra de Teatro Infantil Galego “Xeración Nós”

Festival de JAZZ de Ferrol

Obra na rede:

http://culturagalega.gal/bd/autores_detalle.php?Cod_prsa=25&busca=Oti

<http://consellodacultura.gal/persoa.php?id=2875>

<http://galegos.galiciadigital.com/gl/francisco-oti-rios>

https://www.tebeosfera.com/autores/oti_rios_francisco.html

<https://www.facebook.com/francisco.oti>